

ABAU 2022
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
GREGO II (Cód. 32)

O exame consta de tres preguntas. Deberá contestar **UNHA DAS TRES PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, só será corrixida a primeira das respondidas.

1. TEXTO

1.1. Tradución. O texto deberá traducirse ao galego ou ao castelán. Na valoración terase en conta a correcta comprensión do texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. **(5 PUNTOS)**

1.2. Análise morfolóxica ou sintáctica. Pídese a análise morfolóxica ou a análise sintáctica (a elixir unha das dúas) dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Caso de facer as dúas análises, só será corrixida a primeira que se responda. Para as dúas posibilidades admítese calquera método de análise que sexa correcto. **(1 PUNTO)**

2. LECTURAS

Das catro preguntas sobre o contido das obras de lectura obrigatoria **o alumno deberá contestar dúas**. Caso de contestar máis de dúas, só serán corrixidas as dúas primeiras. **(2 PUNTO, un por cada unha delas)**

3. LITERATURA E O SEU CONTEXTO

Das catro preguntas sobre as obras a traducir **o alumno deberá desenvolver brevemente unha**. Caso de contestar máis de unha, só será corrixida a primeira. **(1 PUNTO)**

4. ETIMOLOXÍA

O alumno deberá citar e explicar vocabulario actual relacionados con **tres das palabras propostas (1 PUNTO)** A máxima puntuación obterase citando e explicando dúas palabras por cada unha das tres elixidas. Caso de contestar máis, só serán corrixidas as dúas primeiras.